



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Luns, 4 de maio de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Corrección de erros.-Resolución do 13 de febreiro de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de febreiro de 2009 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural. 8.246
- Resolución do 15 de abril de 2009, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaria xeral no primeiro trimestre do ano 2009. 8.246

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Resolución do 1 de abril de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios de axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos (*Diario Oficial de Galicia* número 249, do 24 de decembro).

Páxs.

8.247

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se procede á creación do ficheiro de datos de carácter persoal correspondente ao Rexistro de Ascensores.

8.247

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Corrección de erros.-Orde do 29 xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

8.248

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Corrección de erros.-Orde do 16 de abril de 2009 pola que se declara de interese galego a *Fundación Xavier Pousa* e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

8.253

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

- Resolución do 29 de abril de 2009 sobre delegación de competencias no vicepresidente e no director do Fondo Galego de Garantía Agraria.

8.253

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Orde do 27 de abril de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

8.254

Páxs.

- Orde do 27 de abril de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

8.256

- Orde do 27 de abril de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

8.258

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Resolución do 20 de abril de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fan públicos determinados acordos adoptados polo tribunal.

8.260

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE BETANZOS

- Edicto (268/2007).

8.260

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

- Cédula de notificación de sentenza (315/2007).

8.260

- Cédula de notificación de sentenza (1103/2008).

8.261

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Edicto do 6 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se notifican as resolucións ditadas en diversos procedementos competencia da Vicepresidencia que se relacionan.

8.262

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Resolución do 31 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle notifica a Manuela Candela Lois a resolución do recurso de alzada interposto contra a resolución da directora xeral de Interior, do 1 de decembro de 2008, no expediente sancionador en materia de xogo P 27/07. 8.262

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo do 2 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/147). 8.262
- Acordo do 3 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/108). 8.263
- Acordo do 3 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/135). 8.263
- Resolución do 9 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/211-4). 8.264
- Resolución do 10 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/212-4). 8.264
- Resolución do 10 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/213-4). 8.264
- Resolución do 10 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/214-4). 8.265

Páxs.

- Resolución do 10 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/215-4). 8.265
- Resolución do 11 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/216-4). 8.265
- Resolución do 12 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/652-4). 8.266
- Resolución do 12 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/220-4). 8.266
- Resolución do 12 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/224-4). 8.266
- Resolución do 2 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/133-2, 7264 A.T.). 8.267
- Resolución do 2 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/166-3). 8.267
- Resolución do 2 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/214-3). 8.268
- Resolución do 2 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/335-4). 8.268
- Resolución do 16 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/196-2, 7145 A.T.). 8.268

	<u>Páxs.</u>
CONSELLERÍA DE SANIDADE	
— Cédula do 8 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se notifica o acordo de inicio do expediente sancionador 2009061SEA, por infraccións en materia sanitaria.	8.269
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE	
— Anuncio do 14 de abril de 2009, do Servizo de Vixilancia e Inspección do Patrimonio Cultural, polo que se notifica a proposta de resolución do expediente sancionador S-P-62.08, en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia.	8.270
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS	
— Cédula do 8 de abril de 2009, da Delegación Territorial de Pontevedra, pola que se fai pública unha notificación de incoación do expediente sancionador PESAN1 2009/000141-5.	8.270
— Cédula do 8 de abril de 2009, da Delegación Territorial de Pontevedra, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2008/000927-5 e dous máis).	8.270
— Cédula do 13 de abril de 2009, da Delegación Territorial de Pontevedra, pola que se fai pública unha relación de notificacións de incoación de expedientes sancionadores (PESAN1 2009/000108-5 e tres máis).	8.271
— Cédula do 14 de abril de 2009, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de incoación e trámite de audiencia de expedientes sancionadores (PESAN1 2009/000161-1 e dous máis).	8.271
— Anuncio do 30 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, polo que se somete a información pública o proxecto para a posta en funcionamento e explotación dunha cetaria, solicitada por <i>Pade Noroeste, S.L.</i>	8.272
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	
— Anuncio do 6 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-RES-2009-0003.	8.272

	<u>Páxs.</u>
— Anuncio do 10 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-RES-2009-0005.	8.272
— Anuncio do 12 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Lugo, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente LU-PES-80/2008.	8.273
— Anuncio do 17 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-CON-2008-0044.	8.273
— Anuncio do 18 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-CAZ-2008-0052.	8.273
— Anuncio do 18 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-CON-2009-0005.	8.273
— Anuncio do 20 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-RES-2009/015.	8.274
— Anuncio do 23 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente CO-APP-2009-0002 e outro máis.	8.274
— Anuncio do 24 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-RES-2009-0013.	8.274
CONSELLERÍA DE TRABALLO	
— Resolución do 2 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da <i>Asociación Galega do Comercio Téxtil, Calzado e Complementos.</i>	8.275
— Resolución do 3 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , da notificación do expediente de sanción por infraccións na orde social 77/2008.	8.275

Páxs.**PORTOS DE GALICIA**

- Resolución do 7 de abril de 2009 pola que se fai público o outorgamento de varias concesións administrativas en terreos de dominio público portuario dos portos que se citan. 8.275

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

- Anuncio do 13 de abril de 2009 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente IN417A/08R1332 e nove máis. 8.276

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 1 de abril de 2009, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e ordinario, da subministración sucesiva de material de papelería MS-CHS1-09-055. 8.276

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Resolución do 22 de abril de 2009 pola que se anuncian contratacións polo procedemento aberto. 8.277

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**CONCELLO DA BAÑA**

- Actividade de incidencia ambiental. 8.279
- Actividade de incidencia ambiental. 8.280

CONCELLO DE LUGO

- Anuncio de información pública. 8.280

CONCELLO DE MARÍN

- Edicto. 8.280

CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN

- Edicto. 8.280

CONCELLO DE SANTA COMBA

- Anuncio de aprobación definitiva do estudo de detalle do PNC-12. 8.280

CONCELLO DO VALADOURO

- Anuncio de aprobación inicial do Plan de sectorización, proxecto de servizos exteriores e informe de sustentabilidade ambiental Parque Empresarial O Valadouro-Alfoz (fase I). 8.281

Páxs.**CONCELLO DE VILA DE CRUCES**

- Anuncio de apertura de información pública. 8.282

CONCELLO DE VILALBA

- Edicto. 8.282

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

- Extracto da convocatoria e das bases xerais e específicas para prover as prazas do cadro de persoal laboral, acceso libre, correspondentes á oferta de emprego para o ano 2008. 8.282

INSTITUTO PARA A PROMOCIÓN E O EQUIPAMENTO DO SOLO INDUSTRIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA-IPESPO

- Edicto. 8.283

c) OUTROS ANUNCIOS**B-DOUS DE VIVIENDAS, S. COOP. GALEGA**

- Anuncio. 8.284

B-3 DE VIVIENDAS, S. COOP. GALEGA

- Anuncio. 8.284

B-4 DE VIVIENDAS, S. COOP. GALEGA

- Anuncio. 8.284

B1 DE VIVENDAS, S. COOP. GALEGA

- Anuncio. 8.284

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Edificio Administrativo San Caetano-Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 981 99 90 15

Fax: 981 45 42 72

<http://www.xunta.es>

Correo electrónico: dog@xunta.es

ISSN 1130-9229

Depósito Legal C. 73-1982

Imprime:

La Voz de Galicia, S.A.

Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 13 de febreiro de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de febreiro de 2009 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural.

Advertido erro na Resolución do 13 de febreiro de 2009, publicada no DOG nº 40, do xoves 26 de febreiro de 2009, é necesario facer a oportuna corrección:

Na páxina 4.036, no posto «MR.C99.10.000.27001.170.-OFICIAL 2º MECÁNICO», na súa columna complemento singularidade, debe suprimirse «2.967,00».

Resolución do 15 de abril de 2009, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no primeiro trimestre do ano 2009.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Secretaría Xeral de Comunicación, no primeiro trimestre do ano 2009, que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2009.

P.D. (Disposición adicional segunda
do Decreto 44/2006, do 2 de marzo)
Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

ANEXO

Convenio	Data sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a Universidade de Santiago de Compostela para o mantemento e consolidación dun espazo de comunicación dedicado á e/immigración galega	1-1-2009	33.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	59.378 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	23.208 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial La Capital, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	35.533 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>El Progreso de Lugo, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	38.338 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Europa Press Delegaciones, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	68.783 €

Convenio	Data sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Faro de Vigo, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	121.005 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>La Opinión de La Coruña, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	20.882 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>La Región, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	35.114 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Lérez Ediciones, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	23.729 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>La Voz de Galicia, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	150.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Diario ABC, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	24.042 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a <i>Axencia Galega de Noticias, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	93.794 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Galicia Proxectos de Comunicacions, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	32.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Canal Voz, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	50.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	12.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>El Progreso de Lugo, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	9.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Faro de Vigo Media, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	18.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Medios Autonómicos de Radiodifusión Gallegos, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	12.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>La Región, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	9.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Uniprex, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	25.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Vigo, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	25.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Principal, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	14.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Popular, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	50.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Pontevedra, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	25.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Orense, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	12.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Lugo, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	12.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Sociedad Española de Radiodifusión, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	40.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Radio Coruña, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	30.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Voz de Galicia Radio, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	15.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Medios Autonómicos de Radiodifusión Gallegos, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	2-1-2009	24.000 €

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 1 de abril de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios de axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos (Diario Oficial de Galicia número 249, do 24 de decembro).

1. Mediante Resolucións do 3 de marzo de 2009, do director xeral de Política Financeira e Tesouro, por delegación do conselleiro de Economía e Facenda, concedéronse as axudas polas contías que se reflicten no anexo, convocadas ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.

2. O financiamento das subvencións concedidas imputouse segundo a aplicación orzamentaria 07.05.621A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Único.-Dar publicidade á relación de beneficiarios de axudas concedidas con data do 3 de marzo de 2009, ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008, que figura como anexo.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

Eugenio García Lalinde

Director xeral de Política Financeira e Tesouro

ANEXO

Axudas concedidas por resolucións do 3 de marzo de 2009

BENEFICIARIOS	NIF	IMPORTE
ANTONIO GARCÍA JABARES	034968150-P	138,58
DANIEL VIEIRA RIVAS	78855639-R	117,00
CARLOS PAVÓN FLORES	36174267-M	1.109,51
JOSÉ MIGUEL PARDO GARCÍA	76308860-N	177,40
JOSÉ ANTONIO MONTES DO VALE	46919008-C	921,32
EMMA MARÍA LÓPEZ OTERO	77596602-F	969,55
RAQUEL SÁNCHEZ PULGAR	77597035-A	1.085,07
VÍCTOR RODRÍGUEZ GARCÍA	33349027-Q	960,00
RAFAEL ALVITE AVILÉS	52456375-E	252,50
AGUSTÍN SÁNCHEZ ALDREY	33246902-B	238,00
RAFAEL GONZÁLEZ ESCUDERO	34986696-Q	840,00
RICARDO JAVIER PÉREZ LÓPEZ	10041084-C	1.260,38
PAULA ÁLVAREZ PÉREZ	36149249-B	1.260,38
MARTA ALONSO FERNÁNDEZ	36134287-E	1.260,38
MARINO LAMAS FERNÁNDEZ	76817643-N	897,88
CARLOS FERNÁNDEZ ECHEVARRÍA	36099898-H	930,74
ROCIO RODRÍGUEZ GANDARA	36136973-V	1.260,38
JOSÉ MANUEL IGLESIAS COMESAÑA	36094176-T	1.260,38
JOSÉ ANTONIO VILLAR RUIZ	36067214-V	875,99
CORAL RODRÍGUEZ CARRACEDO	36141708-Z	104,76
CESAR GONZÁLEZ SAPETTI	09305693-P	146,16
JAIME DOMINGO DÍAZ SANTIAGO	32608969-Y	98,21
SANDRA GONZÁLEZ GÓMEZ	34266020-E	112,20
ÓSCAR DAVID PAN CASTELO	46896659-G	1.309,99
ELENA MOURENTE FERNÁNDEZ	76369463-X	793,69
MARÍA GONZÁLEZ SALVATIERRA	33999206-P	152,00
ENRIQUE JESÚS FERNÁNDEZ MIRANDA	32426315-H	84,00
NIEVES GARCÍA FIGUEIRA	36100187-P	1.206,18

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se procede á creación do ficheiro de datos de carácter persoal correspondente ao Rexistro de Ascensores.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE nº 298, do 14 de decembro), regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, así como o uso posterior destes datos polos sectores público e privado.

A finalidade desta regulación é protexer os dereitos fundamentais das persoas físicas e especialmente o seu honor e intimidade, tanto persoal como familiar.

No seu artigo 20.1º dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio dunha disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada parcialmente pola Lei 11/1998, do 20 de outubro e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Mediante esta orde, a Consellería de Innovación e Industria crea o ficheiro automatizado de datos de carácter persoal correspondente ao Rexistro de Ascensores e á súa versión telemática (Xira - Sistema Informático para a Xestión Integral do Rexistro de Ascensores).

Artigo 2º.-*Contido.*

A información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación de ficheiros, está contida no anexo desta orde para o ficheiro que se crea.

Artigo 3º.-*Finalidade e usos do ficheiro.*

Os datos de carácter persoal rexistrados neste ficheiro automatizado da Consellería de Innovación e Industria creado por esta orde só serán utilizados para os fins expresamente previstos no anexo e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-*Cesión de datos.*

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia, e principalmente ao disposto no artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Artigo 5º.-*Órgano responsable dos ficheiros.*

A responsabilidade sobre os ficheiros creados por esta orde correspóndelle ao órgano de administración sinalado no anexo.

Así mesmo, no anexo detállase a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-*Nivel de protección e medidas de seguridade.*

Os ficheiros creados por esta orde atópanse clasificados atendendo ao disposto no artigo 80 e seguintes do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) dos ficheiros creados baixo esta orde.

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos, así como as condutas a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999 e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2009.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO **Rexistro de Ascensores**

a) Finalidade.

Xestionar o Rexistro de Ascensores, creado en aplicación do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento e da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores.

b) Usos previstos.

Supervisión e control dos ascensores, e por ende do mercado relativo a estes aparellos elevadores na comunidade autónoma.

c) Colectivo sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal.

Persoas ou representantes de empresas que soliciten o rexistro dun ascensor.

d) Procedemento de recollida de datos.

Instancias normalizadas ou procedemento telemático (Xira).

e) Tipos de datos.

De carácter identificativo: nome, NIF, enderezo e teléfono.

Datos do establecemento: situación, características técnicas do ascensor e empresa ou empresas que realizan a instalación e se van encargar do seu mantemento.

f) Cesiões previstas.

Empresas mantedoras de ascensores.

g) Órgano da Administración responsable do ficheiro.

Consellería de Innovación e Industria; Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

h) Servizo ou unidade ante a que se pode exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos que constan no ficheiro.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, ed. administrativo San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

i) Nivel de seguranza.

Básico.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 29 xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

Advertidos erros na Orde do 29 xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 21, do 30 de xaneiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 2.029, no número 2.a do artigo 4º, onde di: «(ou de concentración parcelaria, segundo o anexo 12, se é o caso, nos supostos previstos no número 2 do artigo 6º desta orde)», debe dicir: «(ou de concentración parcelaria, segundo o anexo 12, se é o caso, nos supostos previstos no número 2 do artigo 11º desta orde)».

-Na páxina 2.032, no artigo 10º, número 2, alínea d, onde di: «Carga gandeira: relación entre o número de UGM e as hectáreas de superficie con aproveitamento gandeiro da explotación, incluídas as de aproveitamento comunal a que teña dereito», debe dicir: «Carga gandeira: relación entre o número de UGM e as hectáreas de superficie con aproveitamento forraxeiro da explotación, incluídas as de aproveitamento comunal a que teña dereito».

-Na páxina 2.052 no artigo 81º, número 2, alínea b, nos seus puntos 6 e 7, onde di: «6. Utilización dos recursos forraxeiros da explotación.

7. Apicultura en zonas fráxiles», debe dicir: «6. Utilización racional dos recursos forraxeiros da explotación.

7. Apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles».

-Na páxina 2.053, no artigo 86º, alínea c, onde di: «Comprometerse, formalmente, a manter a actividade agraria en zonas desfavorecidas, polo menos durante os cinco anos seguintes á data en que cobre a indemnización, salvo xubilación ou causa de forza maior», debe dicir: «Comprometerse, formalmente, a manter a actividade agraria en zonas desfavorecidas,

polo menos durante os cinco anos seguintes á data en que cobre a indemnización, salvo causa de forza maior. No caso de xubilación do solicitante, este deberá traspasar os compromisos de mantemento da actividade agraria a outro agricultor».

-Na páxina 2.054, no artigo 89º, número 2.2., substitúese a alínea c, polo seguinte texto: «Solicitantes que sexan beneficiarios, na presente campaña, dalgunha das submedidas de axuda a produtores agrarios que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe, xa sexan das definidas no período de programación 2000/2006, xa das incluídas dentro do PDR 2007/2013. Por ser beneficiario das submedidas de control/produción integrada ou de agricultura/gandaría ecolóxica, recoñeceránselle a aquel 10 puntos por submedida solicitada e aprobada. Para as outras, 5 puntos por submedida subscrita e aprobada».

-Na páxina 2.055, no artigo 89º, número 2.2., alínea d, onde di: «Baremo: -Se a superficie en concellos Rede Natura é = 50% da superficie total da explotación: 6 puntos.», debe dicir: «Baremo: -Se a superficie en concellos Rede Natura é maior ou igual ao 50% da superficie total da explotación: 6 puntos».

-Na páxina 2.055, no art. 92º, elimínase o número 2.

-Na páxina 2.057 substitúese o parágrafo da disposición transitoria primeira polo seguinte texto: «As solicitudes formuladas ao abeiro da normativa autonómica, nacional e comunitaria reguladora do réxime de pagamento único, das axudas a produtores de determinados cultivos herbáceos e das primas en beneficio dos produtores de carne de ovino e cabrún, dos produtores de vacún, prima por sacrificio e prima láctea, dos que manteñen vacas nutrices, pagamentos adicionais de vacas nutrices, pagamentos adicionais de carne de vacún de calidade, pagamentos adicionais no sector lácteo e indemnización compensatoria e das axudas previstas no contrato de explotación sustentable en campañas anteriores, ás cales non se lles concede a subvención solicitada, poderanse ter en conta nesta convocatoria. A tramitación dos expedientes continuará no trámite en que se encontraban no momento da finalización do exercicio anterior».

Por outra banda, advertidos erros na corrección de erros da Orde do 29 xaneiro de 2009 pola que se se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 37, do 23 de febreiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 3.712, no anexo 1, o cadro «Resumo de documentos segundo as axudas solicitadas» modifícase de xeito que se elimina a marca «X» nas columnas de encabezamento RSA e PAG, dentro das axudas agroambientais na subliña número 5, «Razas autóctonas en perigo de extinción», e, por outra banda, tamén na columna de encabezamento PA, dentro das axudas ao benestar animal nas dúas subliñas de porcino ao aire libre: explotación de ceba e explotación de reprodutoras.

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8.b, no número 3 engádese o seguinte parágrafo: «Se o soli-

citante de indemnización compensatoria dá o seu consentimento expreso para que a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas solicite e consulte nos ficheiros da Seguridade Social os datos referentes á súa situación e ao encadramento naquela, poderase prescindir da presentación da dita acreditación».

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8.c, na epígrafe 1.1, parágrafo 3º, onde di: «-Último TC1 e TC2 e copia do contrato de traballo dos asalariados, se os houber.», debe dicir: «- Último TC1 e TC2 ou informe de vida laboral da empresa. En ambos os dous casos achegarase ademais copia do contrato de traballo de cada un dos asalariados».

- Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8.c, na epígrafe 1.1, engádese un 4º parágrafo que di: «-De solicitar a consideración de UTA familiares non cotizantes, deberá de presentarse unha declaración xurada, asinada polo titular ou comuneiro, de que tales familiares traballan na explotación e dependen economicamente do titular/comuneiro. Para constatar a dependencia económica na declaración de IRPF do titular/comuneiro, deberá de achegarse ademais copia de tal declaración.»

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8.c, na epígrafe 1.2, parágrafo 2º, onde di: «-Último TC1 e TC2 e copia do contrato de traballo dos asalariados non socios, se os houber.», debe dicir: «-Último TC1 e TC2 ou informe de vida laboral da empresa. En ambos os dous casos achegarase ademais copia do contrato de traballo de cada un dos asalariados non socios, se os houber.»

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8.d, parágrafo 1º, onde di: «Certificado de inscrición no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Agrarias de Producción expedido polo Craega, en que se relacionan as parcelas (referencias SIXPAC) e as superficies acollidas á produción ecolóxica con indicación da súa utilización», debe dicir: «Certificado de inscrición no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Agrarias de Producción expedido polo Craega, en que se relacionan as parcelas (referencias SIXPAC) e as superficies acollidas á produción ecolóxica con indicación da súa utilización, de ser o caso.»

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8., parágrafo 2º, onde di : «Certificado de inscrición no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Agrarias de Producción no subsector animal expedido polo Craega, en que se relacionen as parcelas (referencias SIXPAC)) e as superficies acollidas á produción ecolóxica con indicación da súa utilización», debe dicir: «Certificado de inscrición no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Agrarias de Producción no subsector animal expedido polo CRAEGA, en que se relacionen as parcelas (referencias SIXPAC)) e as superficies acollidas á produción ecolóxica con indicación da súa utilización, de ser o caso.»

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8., parágrafo 3º, onde di : «Certificado de pertenza a unha entidade asociativa que teña como fin a mellora e conservación das razas autóctonas puras en perigo de extinción», debe dicir: «Certificado de pertenza a unha entidade asociativa que teña como fin a mello-

ra e conservación das razas autóctonas puras en perigo de extinción, de ser o caso.»

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8., parágrafo 4º, onde di : «Certificado de inscrición dos animais de razas autóctonas en perigo de extinción polos que solicita axuda no correspondente libro xenealóxico da raza (agás os cabalos de pura raza galega, para os cales non é preciso certificado)», debe dicir: »Certificado de inscrición dos animais de razas autóctonas en perigo de extinción polos que solicita axuda no correspondente libro xenealóxico da raza (agás os cabalos de pura raza galega, para os cales non é preciso certificado), de ser o caso».

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8., parágrafo 5º, onde di: «Autorización da comunidade de montes para o uso dalgunha das súas parcelas con referencia SIXPAC», debe dicir: «Autorización da comunidade de montes para o uso dalgunha das súas parcelas con referencia SIXPAC, de ser o caso».

-Na páxina 3.714, no anexo 1, alínea b.8., parágrafo 6º, onde di: «Certificado da denominación de orixe ou de viño da terra da superficie de viña incluída no CES», debe dicir: «Certificado da denominación de orixe ou de viño da terra da superficie de viña incluída no CES, de ser o caso».

-Na páxina 3.728, no anexo 1, o impreso IC «Solicitud de indemnización compensatoria de zonas desfavorecidas» substitútese polo que se xunta.

-Na páxina 3.741, no anexo 1, o impreso DC2 «Axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable de terras agrarias 2009» substitútese polo que se xunta.

-Na páxina 3.748, no título do procedemento contido no anexo 7 onde di: «SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA DECLARACIÓN DO SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS (SIXPAC)», debe dicir: «SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS (SIXPAC)».

-Na páxina 3.748, no número 3.-SOLICITUDE, DECLARACIÓN, COMPROMISO, LUGAR, DATA E SINATURA, onde di: «SOLICITA a modificación do contido do SIXPAC referido á parcela/recinto (rísquese o que non proceda) que se indica», debe dicir: «SOLICITA a modificación do contido do SIXPAC referida ao recinto que se indica».

-Na páxina 3.760, no anexo 20, número 2, onde di: «Ambos módulos de base serán obxecto dun incremento do 20% no caso de que o solicitante teña subscrito, como titular exclusivo ou cotitular dunha explotación, un contrato de explotación sustentable.», debe dicir: «Ambos os módulos de base serán obxecto dun incremento do 20% no caso de que o solicitante, como titular exclusivo ou cotitular dunha explotación, teña aprobada algunha das liñas de axuda contidas no contrato de explotación sustentable.»

-Na páxina 3.761, no anexo 20, subdivisión 4.3, no cadro de encabezado «Provincia: 15 -A Coruña», na columna «Código» e para a fila correspondente a Vilasantar, onde di: «15089», debe dicir: «15090».

-Engádese o anexo 23: «Compromiso dos beneficiarios do contrato de explotación sustentable coa entidade de aconsellamento ou xestión».



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

UNIÓN
EUROPEA



FEADER

ANEXO 23

Compromiso dos beneficiarios do contrato de explotación sustentable coa entidade de aconsellamento ou xestión

A (nome da entidade), con
CIF/NIF e enderezo en

Certifica

Que (nome do beneficiario), con
CIF/NIF/NIE, está inscrito nesta entidade.

..... de de 2009.

(Sinatura do representante da agrupación/asociación)

NOTA: este anexo non se considerará válido se non vén acompañado da seguinte documentación:


- a) Documento acreditativo da constitución legal da entidade de aconsellamento.
- b) Copia dos estatutos
- c) Certificado actualizado dos socios integrantes.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**UNIÓN
EUROPEA**
FEADER



ANO 2009

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN COMPENSATORIA DE ZONAS DESFAVORECIDAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR238B
--	---

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL 		NIF / NIE
ENDEREZO 		
PROVINCIA 	CONCELLO 	LOCALIDADE

DECLARA:

1. Que consta como afiliado ao réxime de autónomos da Seguridade Social por unha actividade agraria e que o seu número de afiliación é /
2. Que é titular dunha explotación individual con CEA e/ou participa nun % na explotación comunitaria con CEA da cal é titular a entidade asociativa, co CIF: situada en zona desfavorecida, correspondéndolle ao declarante a utilización dos seguintes cultivos e aproveitamentos declarados no/s impreso/s PA que figuran resumidos no cadro inferior.

	INDIVIDUAL	COMUNITARIA	TOTAL
a) Pateiros permanentes			
b) Barbeitos			
c) Cultivos de regadío			
d) Cultivos extensivos e plantacións de secano			
e) Plantacións non madeiras forestais arbustivas			
TOTAL:			

3. Que a localización das superficies da súa explotación é a seguinte:

	INDIVIDUAL	COMUNITARIA	TOTAL
Zona de montaña (artigo 18 R(CE) 1257/1999)			
Zona de despoboamento (artigo 19 R(CE) 1257/1999)			
TOTAL:			

4. Que as unidades de gando maior, indicadas no impreso RG son:
5. Que reside no concello da explotación ou nun concello limítrofe en zona desfavorecida.
6. Que a carga gandeira da súa explotación non supera 2,0 UGM/ha de superficie forraxeira. Así mesmo, en explotacións gandeiras en z.d. de montaña a carga non será inferior a 0,4 UGM/ha sup. forr., mentres que en z.d. por despoboamento non será inferior a 0,7 UGM/ha.
7. Que é agricultor a título principal.
8. Que non recibe pensión de xubilación, subsidio de desemprego nin calquera outra prestación pública análoga.

COMPROMÉTESE:

- A manter a actividade agraria na explotación polo menos durante cinco anos desde a data de concesión da IC. No caso de xubilación do solicitante, este deberá traspasar os compromisos de mantemento da actividade agraria a outro agricultor.
- A exercer a agricultura sustentable empregando métodos de boas prácticas agrícolas, axeitadas ás características do lugar, compatibles co ambiente e co mantemento do campo e da paisaxe.

SOLICITA:

Que, de acordo co establecido na orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009, lle sexa concedida a indemnización compensatoria correspondente a ese ano.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**UNIÓN
EUROPEA**
FEADER



PROCEDEMENTO	CODIGO PROCEDEMENTO
AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A UTILIZACIÓN SUSTENTABLE DE TERRAS AGRARIAS 2009	MR238B MR450B MR450A MR450C

TITULAR DA EXPLOTACIÓN

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CIF	DNI	NIF	NIF/CIF/NIE

DECLARA que se achegan coa solicitude 2009 os documentos sinalados cun X na marxe esquerda.

Para sinalar polo solicitante	DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	Verificado Administración
A. INDEMNIZACIÓN COMPENSATORIA		
☐	1. Copia da portada e folia do censo de animais do libro de explotación, se existen unidades de produción noutra comunidade autónoma.	☐
☐	2. Último cupón de pagamento á Seguridade Social como autónomo nunha actividade agraria.	☐
☐	3. Acreditación de figurar de alta na Seguridade Social como autónomo nunha actividade agraria mediante informe de vida laboral (agás que o solicitante teña dado consentimento expreso á D.X. de Estruturas e I.A. para consultar os seus datos na Seguridade Social).	☐
☐	4. Certificado da entidade asociativa, se é o caso, acreditativo da porcentaxe de participación do solicitante nela, segundo o modelo ICC.	☐
☐	5. Copia da declaración do IRPF do ano 2007, ou compromiso de presentar a do ano 2008 se é novo solicitante.	☐
☐	6. Certificación que acredite a procedencia dos rendementos do declarante, cónxuxeu ou de ambos os dous, no caso de que na declaración do IRPF se inclúan os rendementos do traballo.	☐
B. CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE:		
Compromiso dos beneficiarios do contrato de explotación sustentable coa entidade de aconsellamento ou xestión (segundo o anexo 23)		
☐	1. Documentación acreditativa das UTA:	☐
☐	1.1. Cando o titular sexa persoa física ou unha comunidade de bens :	☐
	1.1.1. Informe de vida laboral do solicitante e dos familiares que cotizan á Seguridade Social na explotación.	
	1.1.2. Informe de vida laboral e DNI dos familiares que non cotizan á Seguridade Social e traballan na explotación (só válidos familiares ata segundo grao).	
	1.1.3. Declaración xurada dos familiares que non cotizan á Seguridade Social e traballan na explotación asinada polo solicitante e declaración do IRPF do solicitante.	
	1.1.4. Último TC1 e TC2 ou informe de vida laboral de empresa e copia do contrato do traballo de cada un dos traballadores asalariados, non socios, se os houber.	
☐	1.2. Cando a persoa titular sexa unha entidade asociativa (distinta á comunidade de bens) :	☐
	1.2.1. Informe de vida laboral e DNI dos socios UTA.	
	1.2.2. Último TC1 e TC2 ou informe de vida laboral de empresa e copia do contrato de traballo dos asalariados que non son socios, se os houber.	
☐	2. Documentación acreditativa dos criterios de prioridade:	☐
☐	2.1. Se o solicitante declara ser ATP no DP2:	☐
	2.1.1. Se o solicitante é persoa física, comunidade de bens ou sociedade civil: declaración do IRPF e certificados de retencións do solicitante.	
	2.1.2. Persoas xurídicas, imposto de sociedades, declaración do IRPF e certificados de retencións dos socios.	
C. AGROAMBIENTAIS.		
☐	1. Certificado de inscrición no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Agrarias de Producción expedido polo Craega, no cal se relacionen as parcelas (referencia SIXPAC) e as superficies acollidas á produción ecolóxica con indicación da súa utilización, de ser o caso.	☐
☐	2. Certificado de inscrición no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Agrarias de Producción no subsector animal expedido polo Craega, en que se relacionen as parcelas (referencia SIXPAC) e as superficies acollidas á produción ecolóxica con indicación da súa utilización, de ser o caso.	☐
☐	3. Certificado de pertenza a unha entidade asociativa que teña como fin a mellora e conservación das razas autóctonas puras en perigo de extinción, de ser o caso.	☐
☐	4. Certificación da inscrición dos animais de razas autóctonas en perigo de extinción, polos que solicita axuda, no correspondente libro xenealóxico da raza (agás os cabalos de pura raza galega, para os cales non é preciso este certificado), de ser o caso.	☐
☐	5. Autorización da comunidade de montes para o uso dalgunha das súas parcelas, con referencia SIXPAC, de ser o caso.	☐
☐	6. Certificado da denominación de orixe ou de viños da terra da superficie de viñado incluída no CES, de ser o caso.	☐
D. BENESTAR ANIMAL		
☐	1. Plan de benestar animal.	☐
E. OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA O SOLICITANTE.		
☐	☐	☐
☐	☐	☐
☐	☐	☐
☐	☐	☐
☐	☐	☐
☐	☐	☐

Asdo.:

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Corrección de erros.-Orde do 16 de abril de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Xavier Pousa e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Advertido erro na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 79, do venres 24 de abril de 2009, procede realizar a seguinte corrección:

No primeiro parágrafo, onde di: «... pola que se clasifica de interese a *Fundación Xavier Pousa*, ...», debe dicir: «... pola que se clasifica de interese cultural a *Fundación Xavier Pousa*, ...».

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Resolución do 29 de abril de 2009 sobre delegación de competencias no vicepresidente e no director do Fondo Galego de Garantía Agraria.

A Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria, coa denominación actual establecida pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, fai unha distribución competencial entre os distintos órganos de dirección, colexiados e unipersoais: o Consello de Dirección, o presidente, o vicepresidente e o director. Pola súa banda, o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que desenvolve a Lei de creación específica, máis polo miúdo, a repartición competencial entre aqueles órganos.

Polo que atinxe ao presidente, este configúrase como o máximo órgano unipersoal executivo, dado que lle corresponden, entre outras funcións, a representación do organismo en toda clase de negocios e actos xurídicos, exercendo no seu nome accións e recursos.

Por outra banda, as facultades de xestión ordinarias, así como a xestión administrativa e do persoal, atribúenselle ao director, de acordo co disposto no artigo 8 da devandita lei.

Posto que o presidente do Fogga é, por razón do seu cargo, o conselleiro do Medio Rural, a concentración de funcións no titular da consellería incrementadas recentemente conforme o Decreto 83/2009, do 21 de abril, aconsella que certas facultades que ao presidente do organismo lle atribúe a Lei 7/1994, así como o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, sexan obxecto de delegación. Por iso se atribúe o exercicio destas ao seu director para, deste xeito, axilizar a tramitación e resolución dos expedientes, o cal, sen esquecer o debido respecto aos principios informadores da actividade administrativa e sen menoscabo das garantías xurídicas establecidas, redundará en beneficio tanto da Administración como dos propios administrados. No entanto, en

virtude do disposto no artigo 13.2º c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non se pode delegar no director do Fogga a resolución dos recursos administrativos de alzada que se presenten contra resolucións ditadas por este, polo que a dita competencia queda encomendada por esta orde ao vicepresidente do Fogga.

Na normativa orgánica do organismo a facultade do presidente para delegar as funcións que ten atribuídas no vicepresidente e no director do organismo recóllense tanto nos artigos 7.4º e 8º f) da Lei 7/1994, do 29 de decembro, como nos artigos 13.3º e 4º e 14.2º i) do Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve.

Por esta razón, facendo uso das facultades que me confire o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación co previsto nos artigos 7.4º e 8º f) da Lei 7/1994, do 29 de decembro, así como nos artigos 13.3º e 4º e 14.2º i) do Decreto 128/1996, do 14 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Primeiro.-Delegar no vicepresidente do Fondo Galego de Garantía Agraria a competencia do presidente para resolver os recursos administrativos de alzada e de revisión, cando a facultade de resolución lle corresponda ao presidente, e mesmo suspender a execución dos actos impugnados.

Segundo.-Delegar no director do Fondo Galego de Garantía Agraria as seguintes facultades do seu presidente:

- a) A representación do organismo en toda clase de actos, convenios e negocios xurídicos.
- b) As funcións que, como órgano de contratación, lle competen a aquel segundo a normativa vixente.
- c) O exercicio do toda clase de accións, reclamacións e recursos en nome do organismo.
- d) A resolución das reclamacións previas ao exercicio de accións civís ou laborais.

Terceiro.-As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo presidente do Fogga.

Cuarto.-En calquera momento, o presidente do Fogga poderá reclamar o exercicio das competencias que son delegadas por esta resolución. Do mesmo xeito, esta delegación será revogable en calquera momento e deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-En todo caso, quedan excluídos desta delegación os supostos previstos no artigo 13, números 2 e 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada a este pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Sexto.-En caso de ausencia ou enfermidade do director do Fogga, as atribucións contidas na presente resolución quedarán encomendadas ao vicepresidente do Fogga, durante tempo en que persistan as mencionadas causas.

Disposición derradeira

Esta delegación producirá efectos desde o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado

Presidente do Fondo Galego de Garantía Agraria

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Orde do 27 de abril de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2003, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no

anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e as demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma para o caso doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.C02.00.003.15770.001.

Denominación do posto: vicesecretario/a xeral.

Grupo: A.

Nivel: 30.

C. específico: 19.387,16.

Corpo ou escala: xeral.

Adscrición admóns. públ.: A11.

Formación específica: 640.

Dependencia: Vicesecretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Código-descrición doutras administracións:

A11: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.

Código-descrición das formacións específicas:

640: para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS				
Primeiro apelido	Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence	Grupo	Nº de R.P.
Enderezo, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL				
Consellería	Dependencia	Localidade		

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reuno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Titulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Orde do 27 de abril de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano - 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/ha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezase a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial*

de Galicia, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma para o caso doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugna-la directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.401.00.001.15770.001.

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Relacións coa Unión Europea.

Grupo: A.

Nivel: 30

C. específico: 19.387,16 €.

Corpo ou escala: xeral.

Adscrición admóns. públ.: A11.

Formación específica: 030-032-151-161-640.

Dependencia: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (antiga Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Presidencia da Xunta de Galicia ata o Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia).

Localidade: Santiago de Compostela.

Código-descrición doutras administracións:

A11: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.

Código-descrición das formacións específicas:

030: coñecementos inglés (mérito).

032: coñecementos francés (mérito).

151: coñecementos outros idiomas comunitarios (mérito).

161: experiencia en políticas comunitarias (mérito)

640: para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS				
Primeiro apelido	Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence		Nº de R.P.
Enderezo, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL				
Consellería	Dependencia		Localidade	

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reuno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Titulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Orde do 27 de abril de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/unha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezase a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma para o caso doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugna-la directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.401.00.000.15770.001.

Denominación do posto: secretario/a da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (antiga Secretaría Xeral de Relacións Exteriores).

Grupo: CD.

Nivel: 18.

C. Específico: 5.600,53.

Corpo ou escala: xeral.

Adscripción Admóns. Públ.: A11.

Formación específica: 020-030-032-151-641.

Dependencia: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (antiga Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Presidencia da Xunta de Galicia ata o Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia).

Localidade: Santiago de Compostela.

Código-descrición doutras administracións:

A11 adscripción indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.

Código-descrición das formacións específicas:

020 Coñecementos informática nivel usuario (mérito).

030 Coñecementos inglés (mérito).

032 Coñecementos francés (mérito).

151 Coñecementos outros idiomas comunitarios (mérito).

641 para persoal doutra administracións, curso de iniciación de galego (R.I.).

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS				
Primeiro apelido	Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence		Nº de R.P.
Enderezo, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL				
Consellería	Dependencia	Localidade		

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reuno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Titulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 20 de abril de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fan públicos determinados acordos adoptados polo tribunal.

En sesións que tiveron lugar os días 16 e 20 de abril de 2009, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 2 de outubro de 2008 (DOG nº 195, do 8 de outubro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008), acordou, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria:

Primeiro.-Desestimar as reclamacións presentadas contra as puntuacións do segundo exercicio da fase de oposición, publicadas por Resolución do 18 de marzo de 2009 (DOG nº 58, do 25 de marzo), de conformidade coa base II.1.2 da convocatoria.

Segundo.-Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Declarar todos/as os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio exentos da realización do terceiro exercicio por teren presentada a documentación xustificativa sinalada na base II.1.3 da convocatoria.

Cuarto.-De conformidade co disposto na base II.3.4 da convocatoria, os/as aspirantes que superaron a fase de oposición disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, que deberán dirixir á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela) de acordo co procedemento establecido para o efecto pola Dirección Xeral da Función Pública na súa Resolución do 29 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2009.

José Luis Chan Rodríguez
Presidente do tribunal

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA E INSTRUCCIÓN
NÚMERO UN DE BETANZOS**

Edicto (268/2007).

Juan María Abalo Castex, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un de Betanzos, dou fe e testemuño que no xuízo de faltas número 268/2007 se ditou esta sentenza que, no seu encabezamento e parte dispositiva, di:

«Sentenza 25/2009.

En Betanzos o 11 de febreiro de 2009.

Vistos por Nuria Fachal Noguer, xuíza de primeira instancia e instrución número un dos desta localidade, os autos de xuízo de faltas sobre falta de lesións imprudentes, nos cales son partes, como denunciante Lucía Tomé Molinos e María del Juncal Carro Tomé e como denunciado Fabric Paul Girard.

RESOLVO:

Condeno a Fabric Paul Girard como autor responsable dunha falta causada por imprudencia leve con resultado de morte, do artigo 621.1º e 4º do Código Penal, á pena de dous meses de multa, cunha cota de oito euros diarios, e á pena de multa de trinta días de duración, coa mesma cota diaria pola falta do artigo 621.3º do Código Penal, pagadoira nun único prazo dentro dos quince días seguintes aquel en que se efectúe o requirimento para o seu aboamento, cunha responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas diarias non satisfeitas, e á pena de privación do dereito de conducir vehículos de motor e ciclomotores, polo tempo de seis meses, por cada unha das ditas faltas, todo iso coa expresa imposición das custas procesuais».

E para que conste e sirva de notificación de sentenza a Fabric Paul Girard, actualmente en paradiro descoñecido, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido este edicto en Betanzos, o trinta e un de marzo de dous mil nove.

O secretario
Rubricado

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO DOUS DA CORUÑA**

*Cédula de notificación de sentenza
(315/2007).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do xulgado do social número dous da Coruña, dou fe e testemuño: en autos seguidos perante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número

315/2007 por instancia de Sonia Carbajo Castiñeira contra a empresa *Delgado y Barreiro, S.L.* sobre salarios, ditouse a seguinte

Sentenza.-Na cidade da Coruña, 30 de marzo de 2009. Beatriz Seijo Dopico, magistrada xuíza do social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 315/2007, sobre cantidades, seguidos por instancia de Sonia Carbajo Castiñeira, asistida pola letrada Pérez Rodríguez, contra a empresa *Delgado y Barreiro, S.L.*, que non compareceu nos autos, e contra o Fogasa, representado e asistido polo letrado Sr. Morado Díaz,

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Sonia Carbajo Castiñeira contra *Delgado y Barreiro, S.L.*, condenando a demandada a lle aboar ao demandante a cantidade de 3.460,06 euros polos conceptos reclamados na demanda, con aplicación dos xuros do artigo 576 de LEC.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ao anunciá-lo, entregar o justificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de «depósitos e consignacións» que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-1532-60-315/07.

E así mesmo deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito, na conta 0030-6349-0000-1532-65-315/07.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que sirva de notificación á empresa *Delgado y Barreiro, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que se sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña o 30 de marzo de 2009.

A secretaria xudicial
Rubricado

*Cédula de notificación de sentenza
(1103/2008).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño: en autos seguidos ante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número

1103/08 por instancia de Ana María Dorado Franco, contra a empresa *Consultores, Edificación e Industria, S.L.* sobre salarios, ditouse a seguinte sentenza:

«Sentenza.-Na cidade da Coruña, o 31 de marzo de 2009. Beatriz Seijo Dopico, magistrada xuíza do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 1103/2008, sobre despedimento, seguidos por instancia de Ana María Dorado Franco, con DNI 79311250-M, asistida polo letrado Sr. Páramo Sureda, contra a empresa *Consultores Edificación e Industria, S.L.*, que non compareceu nos autos, e contra o Fogasa, que non compareceu.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido, que debo estimar e estimo a demanda interposta por Ana María Dorado Franco contra *Consultores Edificación e Industria, S.L.*, e cualifico a improcedencia do despedimento con data 21-11-2008 e declaro extinguida a relación laboral da demandante coa demandada con efectos de hoxe, 31-3-2009, condenando a demandada se aterá devandita declaración e a lle aboar á demandante as seguintes cantidades en concepto de indemnización polo despedimento improcedente e por salarios de tramitación:

Indeminización: 19.653,41 euros (363,75 euros *54,03 euros/día).

Salarios de trámite: 7.023,9 euros (130 días *54,03 euros/día).

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ao anunciá-lo, entregar o justificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de «depósitos e consignacións» que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-1532-60-1103/08.

E así mesmo deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito, na conta 0030-6349-0000-1532-65-1103/08.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Consultores Edificación e Industria, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña o 31 de marzo de 2009.

A secretaria xudicial
Rubricado

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

Edicto do 6 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se notifican as resolucións ditadas en diversos procedementos competencia da Vicepresidencia que se relacionan.

En virtude do disposto nos artigos 59.4º e 61 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro) que modifica parcialmente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), e no uso da competencia atribuída a esta delegación provincial, ao seren devoltas polo servizo de correos as notificacións enviadas no seu día, coas resolucións ditadas nos procedementos iniciados por instancia dos interesados, requírense as persoas citadas no anexo para que no prazo de 10 días, contados desde o seguinte á data de publicación deste edicto, comparezan persoalmente ou debidamente representadas, na Delegación Provincial da Coruña, (rúa Enrique Mariñas, s/n, 9º andar, 15009 Matagrande, A Coruña), para teren coñecemento do contido daquelas, advertíndoos que de non facerse así, teranse por notificadas cos efectos que correspondan.

A Coruña, 6 de abril de 2009.

Tereixa dos Anxos Novo Arrojo
Delegada provincial da Coruña

ANEXO

Interesado/a	DNI/NIE/Pasaporte
Brey Outón, Javier Adrián	53304176
Pezza, Ana Esther	X4564512R
Iglesias García, Ana Gabriela	77596948
Gómez Rey, Miguel Ángel	32803187
García Basanta, Divina	32646468
Bedoya Rodríguez, Martha Luz	32721656
Mosquera Lerma, Margarita Rosa	X3586379N
Blanco Miñán, Lucía	53300506

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 31 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle notifica a Manuela Candela Lois a resolución do recurso de alzada interposto contra a resolución da directora xeral de Interior, do 1 de decembro de 2008, no expediente sancionador en materia de xogo P 27/07.

O 27 de xaneiro de 2009 o titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ditou resolución co contido que sumariamente se recolle no anexo. Segundo consta no expediente, intentada a práctica da notificación non foi posible practicala por vir devolta polo servizo de correos. Polo tanto, en aplicación do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procede a súa notificación por medio de anuncio no taboleiro de edictos do concello do último domicilio coñecido do establecemento e no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, cabe formular recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2009.

Santiago Antonio Roura Gómez
Secretario xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Expediente sancionador en materia de xogo: P 27/07.
Destinatario da notificación: Manuela Candela Lois.
DNI: 76862528-R.

Último enderezo coñecido: Cafetería Arumes, rúa Santa Lucía s/n, 36660, Moraña, Pontevedra.

Data da resolución do recuso de alzada: 27 de xaneiro de 2009.

Sentido da resolución: desestimatorio e confirmatorio da sanción.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Acordo do 2 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/147).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Domicilio social: avenida de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: recuamento L.M.T. e C.T. a parque empresarial de Bértoa.

Situación: concello de Carballo.

Características técnicas:

Recuamento do tramo de liña que alimenta o polígono I de Bértoa e ao C.T. río Lorenzo, consistente no cambio de situación dos apoios nº 7 e 8 da L.M.T.A. a C.T. polígono 5 e C.T. polígono 2.

L.M.T. subterránea a 15/20 kV de 491 m de lonxitude en condutor R.H.Z.1 de 240 mm² Al, con orixe no apoio nº 8 a recuar e final no paso aero-subterráneo en apoio existente da L.M.T. CBL 701B, pasando polo novo trafo compacto de manobra exterior de 160 kVA denominado río Lorenzo. Concello de Carballo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 2 de abril de 2009.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Acordo do 3 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/108).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avenida de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e C.T.C. Insuela-río Azor.

Situación: concello de Ribeira.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 20 kV, cunha lonxitude de 64 m, con orixe na L.M.T.S. río Azor (tramo L.M.T.S. particular cedida a Unión Fenosa Distribución), condutor tipo R.H.Z.1-12/20 kV 3(1×150) Al, e final no C.T. proxectado.

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 20 kV, cunha lonxitude de 64 m, con orixe no C.T. proxectado, condutor tipo R.H.Z.1-12/20 kV 3(1×95) Al, e final na L.M.T.S. particular a C.T. río Azor.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ribeira.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 3 de abril de 2009.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Acordo do 3 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/135).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avenida de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. y C.T. Poulo nº 1.

Situación: concello de Neda.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15/20 kV, de 340 m de lonxitude en condutor R.H.Z.1. de 240 mm² Al, con orixe e final na L.M.T. existente de subestación de Cornido a Fervenza no paso aero-subterráneo, pasando polo novo C.T. manobra exterior compacto de 250 kVA en edificio Poulo nº 1. Concello de Neda.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 3 de abril de 2009.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 9 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/211-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: C.T. O Freixo-Campañó.

Situación: Pontevedra.

Características técnicas: ampliación C.T. con rel. trans. 20.000/400-230 V a 160 kVA na zona de Parada, O Freixo-Campañó. Concello de Pontevedra.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, rúa Fernández Ladreda, 43, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 9 de marzo de 2009.

Por vacante do delegado provincial
Ramón Barreiro García
Secretario provincial de Pontevedra

Resolución do 10 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/212-4).

Acto notificado: notificación do acordo de inicio.

Anuncio do 24 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empra o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-RES-2009-0013.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo delegado provincial.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de quince días, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede desta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Servizos Múltiples, 5º andar, Monelos, A Coruña, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao da publicación.

A Coruña, 23 de marzo de 2009.

Manuel Tajés Gómez
Delegado provincial da Coruña

ANEXO

Expediente: CO-RES-2009-0013.

Interesado: *Autos Carrofeito, S.L.*

Acto notificado: notificación do acordo de inicio.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 2 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da Asociación Galega do Comercio Téxtil, Calzado e Complementos.

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos neste, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e os estatutos da *Asociación Galega do Comercio Téxtil, Calzado e Complementos*, que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita asociación todos os empresarios que estean relacionados co sector téxtil, calzado e complementos.

Asinan a acta de constitución: Alberto Barrios Ceide en representación da empresa *Celsotex, S.L.*, e seis persoas máis en representación doutras tantas entidades.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2009.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

Resolución do 3 de abril de 2009, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da notificación do expediente de sanción por infraccións na orde social 77/2008.

Notifícaselle, de conformidade co establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á empresa que a continuación se relaciona, ao non poder notificar por correo certificado, a resolución ditada no expediente

de sanción por infracción na orde social; o seu enderezo, identificación, número de expediente, contía da sanción e disposición infrinxida cñtanse a seguir:

Empresa: *Dominpoint Construção Civil Unip. Lda.*
Domicilio: r/ Agonía Frasco (R/CH-4490) 146, Póvoa do Varzim (Portugal).

NIF 508051070.

Nº expediente: 77/2008.

Contía 3.500 euros.

Disp. Infrinxida: Lei 31/1995, de p.riscos l.

Contra esta resolución o interesado poderá interpoñer recurso de alzada, polo conduto desta delegación perante a directora xeral de Relacións Laborais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Advérteselle que, de non ser iniciado este en tempo e forma, deberá aboar a multa imposta a través da *Caixa Galicia*, cta. contable 840, código 001, clave 390055, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, xa que, noutro caso, procederase á execución pola vía de contrinximento, nos termos previstos na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 23 de novembro de 2001.

Lugo, 3 de abril de 2009.

José Miguel Vázquez Calvo
Delegado provincial de Lugo

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 7 de abril de 2009 pola que se fai público o outorgamento de varias concesións administrativas en terreos de dominio público portuario dos portos que se citan.

Cumpridos os trámites previstos na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, aplicable en defecto de lexislación autonómica propia e nas demais normas de procedente aplicación, acordouse, en virtude das atribucións delegadas por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, actual Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 29 de xaneiro de 1996, outorgar por resolucións que poñen fin á vía administrativa as seguintes concesións en dominio público portuario, con suxeición ás condicións estipuladas nos pregos de condicións correspondentes:

Resolución: 26-02-2009.

Obxecto: ocupación de terreos de dominio público portuario con destino á legalización de caseta de bombeo e tubos de aspiración subterráneos de auga salgada.

Porto: Meloxo.

Concesionario: *Mariscos Sánchez y Alfonso, S.L.*

Prazo: ata o 27 de febreiro de 2029.

Resolución: 5-3-2009.

Obxecto: construción dun centro náutico-deportivo e escola de vela.

Porto: O Freixo.

Concesionario: Concello de Outes.

Prazo: ata o 9 de marzo de 2024.

Contra os citados actos administrativos, que esgotan a vía administrativa, cabe interpor recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución en que se faga público o outorgamento.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2009.

Jacinto Parga Fernández
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Anuncio do 13 de abril de 2009 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia nos expedientes IN417A/08R1332 e nove máis.

De conformidade co disposto nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, emprázanse os interesados indicados no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo director do Instituto Enerxético de Galicia.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días, contado desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 C.P. 15703, Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida des-

de o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2009.

Juan Álvarez Carril
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO

Expediente: IN417A/08R1332.

Interesada: Pilar Soto González.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0791.

Interesado: *Allegra European S.L.*

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0698.

Interesado: Antonio Pedraz Pollo.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0013.

Interesada: Nieves Muras Pereira.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R1056.

Interesado: Juan Manuel López Moure.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0473.

Interesada: Margarita María Ángeles Román Serralta.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0718.

Interesado: Club Deportivo Boiro.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0584.

Interesada: Pilar Acuña García.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R1542.

Interesado: Luis Sánchez Lavandeira.

Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: IN417A/08R0572.

Interesado: *Distribuciones Eduardo Aparicio S.L.*

Acto que se notifica: emenda de documentación.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 1 de abril de 2009, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e ordinario, da subministración sucesiva de material de papelería MS-CHS1-09-055.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

b) Dependencia que tramita o expediente: contratación administrativa.

c) Número de expediente: MS-CHS1-09-055.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración sucesiva de material de papelería.

b) Número de unidades que se van entregar: véxanse os pregos.

c) División por lotes e número: véxanse os pregos.

d) Lugar de entrega: véxanse os pregos.

e) Prazo de execución: vinte e catro meses, desde a data da sinatura do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: véxanse os pregos.

4. Orzamento base da licitación: 305.210,16 €, sen IVE. Véxase o punto 8 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Garantía provisional: non.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Servizo de Contratación Administrativa.

b) Enderezo: A Choupana, s/n.

c) Localidade e código postal: 15706 Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 981 95 02 60/981 95 08 03.

e) Telefax: 981 95 09 85.

f) Data límite de obtención de documentos e información: poderanse recoller ata o último día de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia económica e financeira: véxase o punto 16 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Solvencia técnica: véxase o punto 17 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do día 4 de xuño de 2009.

Se o último día de presentación de solicitudes coincidise en sábado ou día inhábil, este prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: véxanse os pregos.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: rexistro xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

2. Enderezo: A Choupana, s/n.

3. Localidade e código postal: 15706 Santiago de Compostela.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses contados desde a apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

b) Enderezo: A Choupana, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data e hora: publicaranse no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do órgano de contratación.

10. Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos dos anuncios: véxanse os pregos.

12. Data de envío do anuncio ao *Diario Oficial de la Unión Europea*: 13 de abril de 2009.

13. Páxina web onde pode obter información relativa á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: (perfil do contratante) www.sergas.es

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

Jesús Caramés Bouzán
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
Universitario de Santiago de Compostela

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 22 de abril de 2009 pola que se anuncian contratacións polo procedemento aberto.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Universidade da Coruña (UDC).

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

2. Obxecto da contratación.

*Número de expediente: 2009/3001.

Descrición do obxecto: redacción do proxecto básico e de execución dun edificio na área científí-

ca do parque tecnolóxico da UDC e dos estudos previos do conxunto da área.

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da Universidade da Coruña.

Prazo de execución:

Total: 120 días naturais contados desde o día seguinte ao da sinatura do contrato, desagregado do seguinte xeito:

-Estudos previos e proxecto básico: 45 días naturais contados desde o día seguinte ao da sinatura do contrato.

-Proxecto de execución: 75 días naturais contados desde a finalización do prazo de entrega dos estudos básicos e do proxecto básico.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 184.440 € (IVE incluído).

Estudos previos: 41.760 € (IVE incluído).

Proxecto básico: 78.880 € (IVE incluído).

Proxecto de execución: 63.800 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exige.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

*Número de expediente: 2009/3002.

Descrición do obxecto: redacción do proxecto básico e de execución do Centro Tecnolóxico da Terceira Idade (Asista).

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da Universidade da Coruña.

Prazo de execución:

Total: 105 días naturais contados desde o día seguinte ao da sinatura do contrato, desagregado do seguinte xeito:

-Proxecto básico: 45 días naturais contados desde o día seguinte ao de sinatura do contrato.

-Proxecto de execución: 60 días naturais contados desde o día de finalización do prazo de entrega do proxecto básico.

Tramitación: ordinaria.

Orzamento base de licitación. Importe total: 152.000 € (IVE incluído).

Proxecto básico: 79.999,96 € (IVE incluído).

Proxecto de execución: 72.000,04 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exige.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

*Número de expediente: 2009/3003.

Descrición do obxecto: redacción do Plan director de infraestruturas da UDC.

División por lotes e número: si, 2.

-Lote 1:

Descrición do obxecto: redacción do Plan director de infraestruturas no ámbito do Campus da Coruña-Elviña, Campus A Coruña-A Maestranza, A Coruña-Riazor e A Coruña-Oza e Oleiros.

Lugar de execución: Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da Universidade da Coruña.

Prazo de execución:

Total: 120 días naturais para a entrega total dos traballos contados desde o día seguinte ao da sinatura do contrato.

Parciais: 60 días naturais para a entrega dun documento que recolla as medidas de máxima urxencia na adaptación ao PEES.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 151.960 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exige.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Lote 2:

Descrición do obxecto: redacción do Plan director de infraestruturas no ámbito do Campus de Ferrol-Serantes e Ferrol-Esteiro.

Lugar de execución: Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da Universidade da Coruña.

Prazo de execución:

Total: 90 días naturais para a entrega total dos traballos, contados desde o día seguinte ao da sinatura do contrato.

Parciais: 45 días naturais para a entrega dun documento que recolla as medidas de máxima urxencia na adaptación ao PEES.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 48.720 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exige.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

*Número de expediente: 2009/3004.

Descrición do obxecto: construción da Unidade Mixta de Investigación sobre a aplicación da madeira, no Campus da Zapateira.

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: Universidade da Coruña-Campus da Zapateira.

Prazo de execución (meses): catro meses e medio.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 275.040 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): grupo C, categoría C.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Obtención de documentación e información.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, os proxectos, as prescricións técnicas e demais documentación complementaria estarán á disposición dos licitadores, durante o prazo de presentación de proposicións:

-No enderezo web: www.udc.es/contratacionadministrativa.

-No Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas, sito en:

Reitoría da Universidade da Coruña, r/ Mestranza, número 9, 1º andar. 15001 A Coruña. Teléfono: (+34) 981 16 70 00 (extensión 1118 e 1038). Fax: (+34) 981 16 70 20. Correo electrónico: seccion.contratacion@udc.es.

4. Presentación das proposicións.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do oitavo día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para os expedientes 2009/3001 e 2009/3003 (lotes 1 e 2).

Antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2009/3002.

Antes das 14.00 horas do décimo terceiro día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2009/3004.

b) Documentación que hai que presentar: a que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, sito na Reitoría, r/ Mestranza, número 9, 15001 A Coruña.

d) Admisión de variantes: especificase no prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Apertura das proposicións.

A mesa de contratación comunicará, a través do perfil do contratante, o sitio, o día e a hora en que terá lugar a sesión pública.

6. Criterios de valoración e ponderación: os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Gastos de anuncios: serán por conta das empresas adxudicatarias a rateo.

A Coruña, 22 de abril de 2009.

P.D. (Resolución 3-2-2004)

Manuel Galdo Pérez

Xerente da Universidade da Coruña

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA BAÑA

Actividade de incidencia ambiental.

Ramón Veiga Agra solicitou nesta alcaldía licenza municipal para a construción de dous silos, no lugar e parroquia de Cabanas.

Para cumprir o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, coa finalidade de que durante este poidan examinar o expediente,

na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

A Baña, 8 de abril de 2009.

José Andrés García Cardeso
Alcalde

Actividade de incidencia ambiental.

José Andrés García Paramos solicitou desta alcaldía licenza municipal para legalización de actividade de gando vacún de leite, no lugar de Quinteiro, parroquia de Marcelle.

Para cumprir o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, coa finalidade de que durante este poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

A Baña, 8 de abril de 2009.

José Andrés García Cardeso
Alcalde

CONCELLO DE LUGO

Anuncio de información pública.

Decorinex, S.L., solicitou desta alcaldía licenza municipal para a ampliación do establecemento de venda de materiais de construción con licenza de instalación do 9 de xullo de 2008, na rúa Poeta Curros Enríquez, número 40, baixo.

Cumprindo o disposto no número 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días, co fin de que durante este -que empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación deste edicto-, poidan examinar o expediente no servizo de licenzas, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

Lugo, 25 de marzo de 2009.

María Novo Pena
Delegada da Área de Urbanismo

CONCELLO DE MARÍN

Edicto.

Durante o prazo de vinte días poderán presentar reclamacións ao expediente tramitado por instancia de *Repsol Butano, S.A.*, polo que solicita licenza de obras e actividade de depósito aéreo para a subministración de propano a vivendas na rúa Doutor Otero Ulloa de Seixo.

Marín, 2 de abril de 2009.

Francisco A. Veiga Soto
Alcalde

CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN

Edicto.

José Herrera García-Lora solicitou a esta alcaldía licenza municipal para instalación de almacenamento de GLP con depósito en aéreo para calefacción e ACS, que vai situar na avenida de Galicia, 55, parroquia da Pobra do Brollón. Cumprindo o disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo prazo de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no *Diario Oficial de Galicia* poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

A Pobra do Brollón, 3 de abril de 2009.

José Luis Maceda Vilariño
Alcalde

CONCELLO DE SANTA COMBA

Anuncio de aprobación definitiva do estudo de detalle do PNC-12.

A Corporación municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de marzo de 2009, adoptou, entre outros, o acordo de:

Aprobar definitivamente o estudo de detalle de iniciativa privada presentado e promovido por *Construcciones Cancela Rey, S.L.*, con domicilio social na rúa Lugo de Santa Comba, de área pendente de desenvolvemento en solo urbano non consolidado (polígono PNC-12) do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, sito en Santa Comba, redactado polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez.

Notificarlles este acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle e publicalo no *Diario Oficial de Galicia*.

Con data do 30 de marzo de 2009 remítuselle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes copia autenticada do expediente e dous exemplares do estudo de detalle debidamente dilienciados pola Secretaría deste concello.

Contra o acordo de aprobación definitiva do referido estudo de detalle poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, este anuncio, publicado tamén no taboleiro de anuncios deste concello, serve de notificación para os propietarios incluídos dentro do ámbito do estudo de detalle que son descoñecidos, non se coñece o seu enderezo, ou intentada a súa notificación, non se puido efectuar.

Santa Comba, 30 de marzo de 2009.

Miguel Pérez Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DO VALADOURO

Anuncio de aprobación inicial do Plan de sectorización, proxecto de servizos exteriores e informe de sustentabilidade ambiental Parque Empresarial O Valadouro-Alfoz (fase I).

O Pleno do Concello do Valadouro, na súa sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2009, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Plan de sectorización e o proxecto de servizos exteriores do Parque Empresarial O Valadouro-Alfoz (fase I) Lugo, redactado polo arquitecto Pedro de La Puente Crespo e polo enxeñeiro de C.C. e P. Julio Roberes de Cominges e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 5-3-2008 e número de expediente VI080338, incluíndo o documento de referencia e o informe de sustentabilidade ambiental (ISA) así como o documento complementario do Plan de sectorización do Parque Empresarial O Valadouro-Alfoz (fase I) Lugo.

Segundo.-Poñer á disposición do público o documento aprobado inicialmente e do que forma parte integrante o informe de sustentabilidade ambiental

durante o prazo de dous meses para o seu exame e formulación de observacións de conformidade co establecido no número 5º do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Terceira.-A posta á disposición realizarase mediante anuncio inserido no *Diario Oficial de Galicia* para calquera persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado segundo a definición dada polo artigo 10.2º da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Cuarta.-A posta á disposición será nominal nos seguintes casos:

1. Administración xeral do Estado:

-Delegación do Goberno en Galicia.

-Secretaría Xeral de Patrimonio do Estado da Delegación de Economía e Facenda en Lugo do Ministerio de Economía e Facenda.

-Calquera outro ministerio cando o planeamento afecte bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o exixa.

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (acerca das emisións contaminantes dos residuos e do ruído).

-Dirección Xeral da Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e dos espazos de interese natural ou paisaxístico).

-Organismo autónomo Augas de Galicia no tocante á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas.

-Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

* Subdirección Xeral de Estradas da Dirección Xeral de Obras Públicas.

-Consellería de Cultura e Deporte.

* Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

-Consellería de Innovación e Industria.

* Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

* Calquera outra consellería cando a ordenación proposta afecte bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o exixa.

3. Administración local.

-Deputación Provincial de Lugo.

-Concellos na área de influencia do ámbito do planeamento, incluíndo entre eles os concellos limítrofes.

4. Propietarios de terreos afectados.

-Todos aqueles que figuran incluídos na relación de parcelas afectadas recollida no Plan de sectorización e no proxecto de servizos exteriores.

Quinta.-Co fin de garantir a publicidade da aprobación inicial, inserir o correspondente anuncio en dous dos xornais de maior difusión na provincia tal e como establece o artigo 86.1º a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O Valadouro, 6 de abril de 2009.

Eulogio Fernández Sampayo
Alcalde-presidente

CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Anuncio de apertura de información pública.

Solicitada a licenza de actividade de ampliación de corte de vacún de leite, sometida á avaliación de incidencia ambiental, por Susana Pena Rodríguez, neste concello tramítase o oportuno expediente.

En cumprimento do disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, procédese a abrir período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, que empezarán a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP para que, quen se vexa afectado dalgún modo pola dita actividade, presente as observacións que considere pertinentes.

O expediente obxecto desta información pódese consultar nas oficinas municipais en horario de oficina.

Vila de Cruces, 1 de abril de 2009.

Jesús Otero Varela
Alcalde

CONCELLO DE VILALBA

Edicto.

Agrofebe, S.L., solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a apertura dun almacén de pensos, produtos fitosanitario e zoosanitarios, sementes e deterxentes, que vai situar no polígono industrial Setepontes-Vilalba, P-92, nave 2.

En cumprimento do disposto no artigo 8, número 3º, do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de 20 días, contados a partir da última publicación deste edicto no DOG e no BOP, coa finalidade de que durante este poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgunha maneira se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións e observacións que consideren oportunas.

Vilalba, 26 de marzo de 2009.

Gerardo Criado Guizán
Alcalde

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Extracto da convocatoria e das bases xerais e específicas para prover as prazas do cadro de persoal laboral, acceso libre, correspondentes á oferta de emprego para o ano 2008.

No BOP de Lugo número 59, do 13 de marzo de 2009, publícanse a convocatoria e as bases xerais e específicas para a provisión das prazas do cadro de persoal laboral, correspondentes á oferta de emprego para o ano 2008 que a continuación se relacionan:

Número de vacantes: unha. Denominación: vixilante de vías e obras. Sistema de provisión: concurso-oposición, acceso libre, agrupacións profesionais (disposición transitoria sétima do Estatuto básico do empregado público). Cota: xeral.

Número de vacantes: unha. Denominación: oficial de oficios múltiples. Sistema de provisión: concurso-oposición, acceso libre, grupo C, subgrupo C2. Cota: reserva discapacitados.

Presentación de solicitudes: presentaranse no modelo oficial publicado no BOP nº 59, do 13 de marzo de 2009 (p. 38 a 41).

Lugar de presentación: rexistro xeral desta entidade ou nos lugares determinados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Dirixiranse ao presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Prazo de presentación: vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste extracto no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Documentación que deberá acompañar necesariamente a solicitude dentro do prazo de presentación de solicitudes:

-Documentación acreditativa de ter aboado 15 € en concepto de taxa por participación en procesos

selectivos ou 3,75 € se se acredita documentalmen- te mediante certificacións do Servizo Público de Emprego Estatal a condición de desempregado e de non ter dereito a prestación pro desemprego.

-As ditas taxas aboaranse na Tesouraría desta enti- dade, ou ben facendo unha transferencia bancaria á conta nº 2091-0163-45-3110000423 de *Caixa Gali- cia* ou mediante xiro postal, e deberase presentar copia do ingreso coa solicitude.

Faise constar expresamente que os sucesivos anuncios que deriven da convocatoria se publicarán no BOP de Lugo e no taboleiro de edictos desta cor- poración.

Lugo, 13 de marzo de 2009.

José Ramón Gómez Besteiro
Presidente da Deputación
Provincial de Lugo

Faustino Martínez Fernández
Secretario da Deputación
Provincial de Lugo

INSTITUTO PARA PROMOCIÓN DO SOLO INDUSTRIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA- IPESPO

Edicto.

O Consello Reitor do Instituto para a Promoción e o Equipamento do Solo Industrial da Provincia de Pontevedra, Ipespo, en sesión celebrada o día 22 de abril de 2009, aprobou o expediente para a contrata- ción, por procedemento aberto, mediante concesión, da xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na Plataforma Loxística Inversa do Polígono Industrial de Sete Pías, no termo municipal de Cambados, polo que se fai a seguinte convocatoria:

1. Obxecto e tipo de licitación.

A contratación da concesión da xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na Plataforma Loxística Inversa do polígo- no industrial Sete Pías no termo municipal de Cam- bados. O prazo do contrato será a retribución econó- mica que o contratista perciba como consecuencia da prestación do servizo aos usuarios e aos recicla- dores finais e que ascende na primeira anualidade, de acordo co anteproxecto de explotación, á cantida- de de 651.816,11 euros.

2. Garantías.

Os licitadores interesados deberán acreditar ante o Ipespo a constitución previa dunha garantía provi- sional do 2% do prezo do contrato, que se correspon- de cos ingresos estimados do contratista no antepro-

xecto de explotación para a primeira anualidade e que se cifra en 651.819,11 euros.

Poderá constituírse obrigatoriamente na Caixa do Ipespo por calquera das forma previstas no artigo 84 da Lei 30/2007, debendo depositarse na forma esta- blecida no artigo 91.3º da LCSP.

O adxudicatario provisional do contrato está obri- gado a constituír a favor do Concello de Cambados unha garantía definitiva polo importe do 5% do pre- zo do contrato definitivo, que considerará os ingre- sos brutos correspondentes á media aritmética das anualidades do proxecto de explotación que presen- te o concesionario, podendo prestarse en calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP, a cal deberá acreditarse no prazo dos 15 días hábiles pre- vistos no artigo 135.4º da citada lei.

3. Prazo de presentación de proposicións.

Realizarase no Rexistro do Ipespo en horario das 9.00 ás 13.00 horas, durante os 15 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.

Para o caso de que o último día de presentación coincida en sábado, domingo ou festivo, o citado prazo entenderase que finaliza o primeiro día hábil seguinte.

4. Cualificación da documentación e apertura de proposicións.

A mesa de contratación examinará e cualificará formalmente a documentación contida no sobre A, a que se refire o artigo 130 da LCSP, polo menos cun día de antelación á apertura das proposicións, de acordo cos artigos 81 e 82 do RGCAP.

Unha vez realizadas as actuacións anteriores terá lugar, ás 10.00 horas do terceiro día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación de pro- pposicións, o acto público de apertura de ofertas nas dependencias do Ipespo.

5. Información.

O prego de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares e demais docu- mentación, está á disposición dos interesados no Ipespo, Centro Provincial de Asesoramento Municipi- pal, CPAM, da Deputación de Pontevedra, avenida Montero Ríos, s/n, CP 36071, teléfono 986 80 41 10; tamén poderán consultarse na páxina web da depu- tación: www.depontevedra.es (Ipespo).

Pontevedra, 22 de abril de 2009.

O presidente, o secretario
Rubricado

c) OUTROS ANUNCIOS**B-DOUS DE VIVIENDAS, S. COOP. GALEGA***Anuncio.*

Miguel Ángel Raposo Rodríguez, secretario da entidade *B-Dous de Vivendas, S. Coop. Galega*, con número de CIF F-70062518 e domicilio social na praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, de Bertamiráns, Ames.

Certifico que, en reunión do consello reitor da cooperativa, do 13 de xaneiro de 2009, por unanimidade, acordouse trasladar o domicilio social e fiscal de *B-Dous de Vivendas, S. Coop. Galega*, en consecuencia modifícase o artigo nº 2 dos estatutos que queda coa seguinte redacción: o domicilio da cooperativa fíxase en Ames, A Coruña, praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, Bertamiráns.

E, para que conste, expido esta certificación, que asino en Bertamiráns-Ames o trece de xaneiro de dous mil nove, por orde co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe
Santiago Rey Conde
Presidente de *B-Dous de Vivendas, S. Coop. Galega*

Miguel Ángel Raposo Rodríguez
Secretario de *B-Dous de Vivendas, S. Coop. Galega*

B-3 VIVIENDAS, S. COOP. GALEGA*Anuncio.*

Manuel Gómez Bugía, secretario da entidade *B-3 de Vivendas, S. Coop. Galega*, con número de CIF F-70112586 e domicilio social na praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, de Bertamiráns-Ames.

Certifico que, na reunión do consello reitor da cooperativa, do día 16 de xaneiro de 2009, por unanimidade, acordouse trasladar o domicilio social e fiscal de *B-3 de Vivendas, S. Coop. Galega*, en consecuencia modifícase o artigo nº 2 dos estatutos que queda coa seguinte redacción: o domicilio da cooperativa fíxase en Ames, A Coruña, praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, Bertamiráns.

E, para que conste, expido esta certificación, que asino en Bertamiráns-Ames o dezaseis de xaneiro de dous mil nove, por orde e co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe
Mª Josefa Lorenzo Torea
Presidenta de *B-3 de Vivendas, S. Coop. Galega*
Manuel Gómez Bugía
Secretario de *B-3 de Vivendas, S. Coop. Galega*

B-4 DE VIVIENDAS, S. COOP. GALEGA*Anuncio.*

Manuel Iglesias García, secretario da entidade *B-4 de Vivendas, S. Coop. Galega*, con número de CIF F-70130505 e domicilio social na praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, de Bertamiráns, Ames.

Certifico que, en reunión do consello reitor do 19 de xaneiro de 2009, por unanimidade, acordouse trasladar o domicilio social e fiscal de *B-4 de Vivendas, S. Coop. Galega*, en consecuencia modifícase o artigo nº 2 dos estatutos que queda coa seguinte redacción: o domicilio da cooperativa fíxase en Ames, A Coruña, praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, Bertamiráns.

E, para que conste, expido esta certificación, que asino en Bertamiráns-Ames o dezanove de xaneiro de dous mil nove, por orde e co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe
Adolfo Corral Otero
Presidente de *B-4 de Vivendas, S. Coop. Galega*
Manuel Iglesias García
Secretario de *B-4 de Vivendas, S. Coop. Galega*

B1 DE VIVENDAS, S. COOP. GALEGA*Anuncio.*

Antonio Pais Iglesias, provisto de DNI 25140663-F, con domicilio para os efectos deste documento en Bertamiráns-Ames, praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, en calidade de secretario da entidade *B1 de Vivendas, S. Coop. Galega*, CIF F-15964000, inscrita no libro de sociedades cooperativas, tomo XII, folla 1296-C, folio 1.

Certifico que, na reunión do consello reitor de *B1 de Vivendas, S. Coop. Galega* que tivo lugar o día 12 de xaneiro de 2009, por unanimidade, acordouse trasladar o domicilio social e fiscal de *B1 de Vivendas, S. Coop. Galega*, en consecuencia modifícase o artigo nº 2 dos estatutos que queda coa seguinte redacción: o domicilio da cooperativa fíxase en Ames, A Coruña, praza Horta de Abaixo, nº 2, baixo 3, Bertamiráns.

Para que conste para os efectos oportunos, expido esta certificación en Bertamiráns-Ames o doce de xaneiro de dous mil nove.

Visto e praxe
Manuel Alejandro García Liñares
Presidente de *B1 de Vivendas, S. Coop. Galega*
Antonio Pais Iglesias
Secretario de *B1 de Vivendas, S. Coop. Galega*